



PROGRAMA “Educando con cerebro e corazón” Dirixido a familias con fillos/as entre 0 e 8 anos

Aínda que todas as etapas educativas son importantes e, afortunadamente, non paramos de aprender e mellorar durante toda a vida, os primeiros anos de vida dos nosos/as fillos/as constitúen sen ningunha dúbida a etapa educativa máis importante e vital no seu desenvolvemento cognitivo, social, emocional e motor e marcarán en gran medida ás persoas nas que se converterán. A súa autoestima, a súa capacidade de superación, de esforzo, a súa xestión emocional, a súa independencia, as súas habilidades sociais entre outros moitos aspectos vitais para a vida virán marcados, en gran medida, polo que nesta etapa infantil experimenten e aprendan, polo que nesta etapa lles ensinemos coas nosas palabras e os nosos feitos. Por este motivo, calquera investimento de tempo e esforzo por parte de todos/as os/as que formamos a comunidade educativa e en especial das familias, será sen dúbida, o mellor investimento que xamais podamos facer por eles/as.

Esperámoste familia!

PARA A INSCRICIÓN:

Prazas limitadas: máximo 25 persoas por grupo (existirán dous grupos) (Asignarase a praza por estrita orde de rexistro).

Prazo de inscrición: 17 de febreiro ao 27 febreiro de 2020.

Lugar de inscrición: Oficinas municipais da Valenzá e no Concello de Barbadás.

PARA OS TALLERES:

Trátase dun programa formativo continuado de 5 talleres por grupo a realizar cada 15 días.

Datas: 9, 23, 30 de marzo e 20 e 27 de abril (grupo de nova creación) – 12, 26 de marzo e 2, 23, e 30 de abril (familias que asistiron o curso anterior os obradoiros de Escola de Familias).

Horario: 17:30h-19:00h.

Lugar dos talleres: Salón de actos do colexio Filomena Dato.

*O Concello facilitará un servizo de gardería (nenos/s entre 3 e 6 anos) que coidará dos pequenos mentres asisten ao taller).

*Dada a importancia, demanda e valor que esta formación ten e que son prazas limitadas, a concellería poderá anular a inscrición daquelas persoas que falten a máis de 2 talleres sen previo aviso ou causa xustificada.



**Concellería de Educación
de Barbadás**

